



R xa é colaborador oficial do Dépor para a tempada 2026-27

- *A marca galega de telecomunicacións estará presente nos paneis e o anel led do estadio ABANCA-RIAZOR, e nun anuncio durante os encontros que o Real Club Deportivo da Coruña dispute na casa na tempada 2026-27.*
- *Ademais, R pasa a formar parte do RC Deportivo Business Club e disporá dun 'banner' publicitario no boletín oficial do equipo.*
- *Ás portas do Trofeo Teresa Herrera e do arranque de LaLiga, R e Dépor rubrican xuntos a súa galegidade e a aposta de operador e club polos valores do deporte, que levaron o equipo herculino á Primeira División esta tempada.*

Martes, 11 de agosto de 2026. O operador galego R, líder de telecomunicacións en Galicia, vén de asinar un acordo co Real Club Deportivo da Coruña que garante a **presenza da marca R** en todos os partidos disputados polo primeiro equipo no estadio ABANCA-RIAZOR durante a tempada 2026-27.

O operador galego —aliado tamén do club coruñés en anos anteriores a través do Dépor *Genuine*— revalida máis unha vez a súa aposta polo deporte en Galicia mediante este acordo como **colaborador oficial do Dépor**, un dos clubs máis antigos de LaLiga e referente social da comunidade após 120 anos de historia. Ás portas do Trofeo Teresa Herrera e do inicio do campionato de Liga, R e Dépor revalidan a súa galegidade e a súa aposta polos valores do deporte, que devolveron o equipo coruñés á Primeira División esta tempada.

R, no estadio ABANCA-RIAZOR

En todos os partidos que tanto o primeiro equipo masculino como o Dépor ABANCA (feminino) disputen na casa verase a imaxe de **R** nos **paneis e o anel led do estadio** ABANCA-RIAZOR, con capacidade para 32.500 espectadores/as e unha asistencia de case que 480.000 persoas en tempadas anteriores. Ademais, emitiranse varios pases dun **anuncio sen son no videomarcador** do recinto no decurso deses partidos locais.

Ao mesmo tempo, **R pasa a formar parte do RC Deportivo Business Club** e estará presente cun *banner* no boletín de noticias do club, que conta xa con 30.000 abonados/as.

Alfredo Ramos, director de **R** e territorial de MasOrange en Galicia, dixo que *“é un orgullo para **R** colaborar de maneira oficial co Dépor, un equipo tan vinculado a Galicia e á cidade da Coruña, que ademais esta tempada inicia unha etapa prometedora co seu retorno á División de Honra do fútbol español. Desexámoslle todo o éxito do mundo e seguiremos apoiando tamén dende aquí para que o deporte galego continúe brillando”*.

Dende o Real Club Deportivo aseguran que *“é unha satisfacción contar con **R** como Colaborador Oficial. Compartimos o compromiso con Galicia e con valores como o esforzo, a proximidade e o traballo en equipo. Estamos convencidos de que esta alianza será moi positiva para ambas as dúas entidades e agradecemos a confianza de **R** nun momento tan ilusionante para o Club.”*